

Resolución do 28 de maio de 2007, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se anuncia a exposición pública das listas provisionais das solicitudes admitidas e excluídas das bolsas de reserva de funcionarios interinos dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Rematados nas delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os traballos de baremación das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 7 de marzo de 2007, da Dirección Xeral de Xustiza, de convocatoria de bolsas de reserva de funcionarios interinos dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, publicada no DOG nº 56, do 20 de marzo, e segundo a Orde do 4 de febreiro de 2004, sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia (DOG núm. 31, do 13 de febreiro), esta dirección xeral

ACORDA:

Primeiro.-Facer públicas as listas provisionais das solicitudes admitidas e excluídas para o acceso ás bolsas de reserva de funcionarios interinos dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, así como as causas de exclusión.

Segundo.-As listas a que se refire o parágrafo anterior estarán expostas nos taboleiros de anuncios da Dirección Xeral de Xustiza, nas delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e nas páxinas web: www.xudicial.xunta.es e <http://cpapx.xunta.es/portal/xustiza/dxxpersoal.htm>.

Terceiro.-Os/as solicitantes ás bolsas de reserva de funcionarios interinos poderán formular alegacións e achegar a documentación para emendar no prazo de 10 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A presentación da documentación cómpre facela nos rexistros xerais dos órganos administrativos establecidos no artigo 38 da dita Lei 30/1992 e dirixila ao delegado provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza onde foron presentadas as súas solicitudes:

-Delegación Provincial da Coruña: praza Luís Seoane, s/n, 15008 A Coruña.

-Delegación Provincial de Lugo: rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo.

-Delegación Provincial de Ourense: avda. da Habana, 79, 32872 Ourense.

-Delegación Provincial de Pontevedra: r/ Concepción Arenal, 8-4º, 36201 Vigo.

Cuarto.-Os incluídos en máis dunha lista optarán, no mesmo prazo, a escoller a bolsa a que queiran pertencer. De non facelo, incluíranse de oficio naquela en que ocupen a mellor posición.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2007.

Begoña Santos Fernández
Directora xeral de Xustiza

Resolución conxunta do 28 de maio de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se aproban as bases e se convocan premios a proxectos de innovación en normalización lingüística de centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para desenvolver no curso académico 2007-2008.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, prevé o logro da competencia nas dúas linguas oficiais das comunidades autónomas con idioma propio como unha das finalidades da educación. Con isto, non fai outra cousa que procurar garantir o dereito constitucional ao uso de calquera desas linguas, pois só se pode elixir empregar un código lingüístico que se coñece.

Por outra parte, os estudos máis actualizados acerca da adquisición de linguas revelan que esta se fai en boa medida nas variadas situacións de comunicación que se producen fóra das clases de idioma e que é imprescindible o uso do galego en diferentes contextos para acadar o pleno dominio que garantirá a escolla libre recoñecida na Constitución. De aí que, en cumprimento do Estatuto de autonomía de Galicia, que recolle a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e de potenciar o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e formativa, así como de dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento, a Administración educativa procure fomentar o uso da lingua propia da comunidade autónoma en distintos espazos e situacións de comunicación dos centros educativos.

Na mesma liña, o Plan xeral de normalización da lingua galega conclúe que, vinte e cinco anos despois da aprobación da Lei de normalización lingüística, a nova realidade social en que nos movemos e os novos retos que nos propón demandan que a galeguización dos centros se prolongue no contorno que os rodea, de xeito que os mozos e mozas galegos atopen nel espazos onde comunicarse en galego con normalidade. Así mesmo, este texto anímanos a recoñecer que, dado que a nosa é unha lingua de futuro, debe ser presentada como tal, relacionándoa con ámbitos de interese para a mocidade.

Por iso, a través desta convocatoria, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Secretaría Xeral de Política Lingüística pretenden fomentar o desenvolvemento de proxectos educativos innovadores que impliquen o uso da lingua galega e o coñecemento cultural que garanta unha plena competencia comunicativa neste idioma.

En consecuencia,

RESOLVEN:

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta disposición é convocar dez premios a proxectos de innovación en normalización lingüística e regular o procedemento para a súa selección. Os proxectos deberán fomentar algún ou varios dos seguintes aspectos:

-O galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas.

-O achegamento á lingua e o coñecemento da realidade sociocultural galega por parte da poboación inmigrante que se está asentando en Galicia.

-A colaboración con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, así como coas empresas locais, para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.

-A relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación.

Artigo 2º.-Número de premios a proxectos e dotación económica.

Cada un dos dez premios a proxectos a que se alude no artigo anterior contará:

1. Cunha dotación económica de 2.000 euros.
2. Con formación e asesoramento para o profesorado do centro.
3. Coa difusión das experiencias a través da rede e a publicación dos materiais educativos producidos.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán participar nesta convocatoria os centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que desenvolvan os proxectos presentados no curso académico 2007-2008.

Artigo 4º.-Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes e documentación.

1. Á solicitude, segundo o modelo de instancia que figura como anexo I a esta resolución, deberá xuntárselle a documentación que se indica a continuación:

a) Copia das actas das reunións do Claustro e do Consello Escolar do centro en que conste que estes organismos foron informados do proxecto.

b) O proxecto, cunha extensión máxima de 33.000 caracteres (espazos incluídos), do que se presentará unha copia en papel e outra copia en soporte óptico para PC compatible, en formato Open Office, Abiword, Microsoft Word, Corel WordPerfect ou en formato RTF, con texto e imaxes separados.

2. As instancias e demais documentación presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares e a forma previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).

Se a solicitude é remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida selala e facer constar a data antes de certificala.

3. Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos exixidos e se vai acompañada da preceptiva documentación. En caso contrario, o solicitante será requirido para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e os datos que deben achegarse, e advertiráselle de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu da súa petición e esta será arquivada, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderalles requirir aos solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para cubrir o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

Artigo 6º.-Estrutura do proxecto e requisitos do centro.

1. Cando menos, os proxectos deberán incluír os seguintes puntos:

- a) Xustificación do proxecto a partir da situación sociolingüística do centro.
- b) Obxectivos que, a curto e longo prazo, se pretende alcanzar.
- c) Desenvolvemento do proxecto en que se reflita a proposta metodolóxica e de actividades e os contidos que se van desenvolver.
- d) A utilización dos recursos existentes no centro en beneficio do proxecto.
- e) A colaboración con institucións do contorno.
- f) O plan de avaliación.
- g) As necesidades de formación do profesorado para a óptima execución do proxecto.
- h) As medidas que se pensan tomar para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a comunidade, para fomentar a súa participación e o aproveitamento.

2. Requisitos.

Os centros que desexen participar nesta convocatoria deberán cumprir os seguintes requisitos:

-Presentar copia das actas das reunións do Claustro e do Consello Escolar do centro en que conste que estes organismos foron informados do proxecto.

-Presentar un proxecto educativo que implique o maior número posible de alumnado do centro.

-Contar co compromiso dunha porcentaxe significativa do profesorado do centro para desenvolver o proxecto e para participar nas actividades de formación que se organicen para levalo a cabo.

-Contar coa participación do Equipo de Normalización Lingüística.

Artigo 7º.-Comisión e criterios de selección dos proxectos.

1. Comisión de selección. Para a selección dos proxectos que concorran á convocatoria crearase unha comisión de selección que estará presidida pola subdirectora xeral de Ordenación Educativa, ou persoa en quen delegue, e integrada polos seguintes membros:

-A subdirectora xeral de Política Lingüística, ou persoa en quen delegue.

-A xefa do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa.

-A xefa do Servizo de Plans, Programas e Asesoramento Lingüístico.

-Un funcionario ou funcionaria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles proxectos que coide pertinentes, que poderá estar integrada por asesores e asesoras de innovación educativa e de política lingüística.

2. Criterios de valoración.

Valoraranse os proxectos atendendo aos seguintes criterios:

a) Interese educativo do proxecto.

-O seu carácter innovador e a súa integración no proxecto curricular de centro.

-Os obxectivos que persegue e a súa adecuación ao Plan xeral de normalización da lingua galega; a proposta metodolóxica e a formulación de actividades, escolares e extraescolares; o tratamento dos contidos que se van desenvolver e o sistema de seguimento e avaliación.

-A coherencia do proxecto coa proposta de organización e dotación.

-A súa contribución á eliminación dos prexuízos lingüísticos ou de cantas outras trabas impidan o uso

habitual do galego por parte do profesorado e alumnado do centro, tanto dentro como fóra das aulas.

-A súa contribución á posta en relación do galego cunha cultura de interese para a mocidade e con proxección de futuro.

-O acceso de alumnos e alumnas en igualdade de condicións e o fomento dos valores democráticos.

-As propostas de tratamento da diversidade, a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e as medidas para fomentar a igualdade.

-A proposta de medidas realizada para a participación da comunidade educativa.

b) Viabilidade do proxecto:

-A participación previa e desenvolvemento en proxectos de innovación e/ou formación, así como a experiencia por parte do centro e dos participantes.

-O grao de compromiso do centro e da comunidade educativa no desenvolvemento do seu proxecto educativo e a súa implicación na mellora das prácticas escolares, como garantía para a extensión e continuidade do proxecto.

-O compromiso do profesorado coa lingua galega e coa realización de actuacións de formación que poidan realizarse durante o desenvolvemento do proxecto.

-A utilización de recursos existentes no centro.

-A garantía de continuidade do proxecto, atendendo ao compromiso do Claustro para levalo a cabo, á súa estabilidade e á proposta de seguimento e desenvolvemento deste.

-A medición da satisfacción e dos mecanismos de incorporación de suxestións dos participantes.

Artigo 8º-Resolución.

A comisión de selección, unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirá a proposta de resolución dirixida á secretaria xeral de Política Lingüística e á directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

A resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no portal educativo <http://www.edu.xunta.es> e na páxina web da Dirección Xeral de Política Lingüística <http://www.xunta.es/linguagalega/> no prazo máximo de catro meses contados desde a publicación desta convocatoria; de non facerse así, os solicitantes deberán entender desestimadas as súas solicitudes.

Artigo 9º.-Pagamento.

A cantidade destinada a estes premios é de 20.000 euros. O importe transferiráselles aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2007. O seu pagamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 04.60.151A.640.1 dos orzamentos de 2007 da Secretaría Xeral de Política Lingüística e á aplicación orzamentaria 09.02.423A.640.1 dos orzamentos de 2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, asu-

mindando cada unha das partes un máximo de cinco premios.

Artigo 10º.-Coordinación dos proxectos.

A dirección do centro designará a persoa coordinadora do proxecto de innovación en normalización lingüística entre os membros do Claustro, preferentemente con destino definitivo no centro coa finalidade de garantir a súa continuidade en cursos sucesivos, e que estea involucrado activamente no proxecto. A designación terá efecto para o curso escolar e coa asignación de horas, dentro do seu horario, en número suficiente para as funcións propias, aproveitando as marxes que ofrece a actual configuración do réxime horario do profesorado.

As funcións do coordinador ou coordinadora do proxecto son:

- a) Asesorar o profesorado do centro durante o desenvolvemento do proxecto.
- b) Establecer canles para a difusión da experiencia e para o intercambio de información entre a comunidade educativa e con outros centros e/ou outras entidades.
- c) Impulsar actuacións tendentes á ampliación e mellora do proxecto.
- d) Orientar o profesorado do centro sobre os recursos dispoñibles.
- e) Fomentar a creación de contidos educativos, especialmente os de tipo audiovisual e informático, polo profesorado do centro e a súa difusión a toda a comunidade educativa.
- f) Actuar de enlace coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Artigo 11º.-Memoria de realización dos proxectos.

Antes do 30 de xuño de 2008, a persoa coordinadora do proxecto elaborará unha memoria das actuacións levadas a cabo para a posta en marcha do proxecto que se enviará no prazo arriba indicado co visto e prace da dirección do centro e se incluírá, ademais, na memoria final do curso que se lle remite á Inspección Educativa. Para a súa elaboración, cumprirá aterse aos requisitos establecidos no manual de publicación web que se atopa no Portal Galego de Contidos Educativos, no enderezo http://www.edu.xunta.es/contidos/guia_boas_practicas/

Esta memoria deberá observar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos, as actividades desvolvidas, o grao de implicación do centro e da comunidade educativa, as actividades de formación, a produción de materiais, a avaliación realizada e as previsións de futuro.

Así mesmo, en caso de incumprimento de calquera das condicións establecidas para a súa concesión, existirá a obriga de reintegro total ou parcial do premio percibido.

Artigo 12º.-Asesoramento e seguimento.

Os coordinadores provinciais de normalización lingüística, sen prexuízo da colaboración que poidan prestar outras institucións ou organismos, ofrecerán apoio e asesoramento, tanto na fase de elaboración dos proxectos como de desenvolvemento deles. Desempeñarán, así mesmo, funcións de seguimento dos proxectos nos centros da súa área de influencia.

O inspector ou inspectora responsable do centro educativo será tamén coñecedor do proxecto.

Artigo 13º.-Seguimento do proxecto.

Con independencia do exposto no artigo anterior, a Dirección General de Ordenación e Innovación Educativa levará a cabo o seguimento dos proxectos co fin de verificar a súa realización e os resultados logrados.

Artigo 14º.-Recoñecemento da participación

A participación do profesorado implicado no proxecto acreditarase a través da certificación en calidade de coordinador/a ou membro, segundo corresponda, no proxecto de innovación educativa cunha duración de 50 horas. Así mesmo, expediráselle unha certificación de participación ao centro.

Artigo 15º.-Difusión das experiencias e materiais elaborados.

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión dos dereitos de edición a favor dos organismos convocantes.

Artigo 16º.-Recursos.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada, perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999 (BOE del 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Delegación de competencias.

Queda autorizada a Dirección General de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar as medidas necesarias para o cumprimento do disposto nesta resolución.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2007.

Mª José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación
e Innovación Educativa

María Sol López Martínez
Secretaria xeral
de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO PREMIOS A PROXECTOS DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN LINGUA GALEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED521A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO CENTRO

DENOMINACIÓN		CÓDIGO	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO	INFORMADOS O CLAUSTRO E O CONSELLO ESCOLAR <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO		TOTAL UNIDADES DO CENTRO
ALUMNADO DO CENTRO: NÚMERO E % DO ALUMNADO IMPLICADO NO PROXECTO		PROFESORADO DO CENTRO: NÚMERO E % DO PROFESORADO IMPLICADO NO PROXECTO	
NÚMERO DE CONTA: (20 DÍXITOS)			

DATOS DO PROFESORADO*

COORDINACIÓN APELIDO 1	COORDINACIÓN APELIDO 2	COORDINACIÓN NOME	DNI/NIF
NRP	CORREO ELECTRÓNICO	ESPECIALIDADE	CICLO/NIVEL
APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIF
NRP	CORREO ELECTRÓNICO	ESPECIALIDADE	CICLO/NIVEL
APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIF
NRP	CORREO ELECTRÓNICO	ESPECIALIDADE	CICLO/NIVEL
APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIF
NRP	CORREO ELECTRÓNICO	ESPECIALIDADE	CICLO/NIVEL
APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIF
NRP	CORREO ELECTRÓNICO	ESPECIALIDADE	CICLO/NIVEL

**Se houberse máis profesorado implicado, pódense xuntar copias para incluír relación completa.*

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución xunta do 28 de maio de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se aproban as bases e se convocan premios a proxectos de innovación en normalización lingüística para centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para desenvolver no curso académico 2007-2008.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
FIRMA DO/DA SOLICITANTE Lugar e data _____ de _____ de 2007		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 28 de maio de 2007 pola que se procede á convocatoria de determinadas liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica.

O Consello de Dirección do Igape na súa xuntanza, celebrada o día 1 de febreiro de 2007, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación

das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape, publicadas mediante Resolución do 9 de marzo de 2007 (DOG nº 59, do 23 de marzo).

Estas bases prevén que as convocatorias de axudas que conterán, en todo caso, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados a elas serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.